

ADXUDICACIÓN

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. (SPI Galicia, SA) convocou un Procedemento Aberto para a contratación do servizo, “**ATSP210101- Coordinación de seguridade e saúde dos traballos de conservación e mantemento das Autoestradas AG-53 e AG-54 (2021-2025)**” cumpríndose os trámites en materia de contratación, así como os requisitos establecidos no Prego de Bases.

Realizados os estudos pertinentes pola Mesa de Contratación, e de acordo coa proposta formulada pola mesma o Consello de Administración de SPI-Galicia na reunión celebrada o día 29 de xullo de 2021, clasificou (por orde decrecente) as proposicións presentadas polos licitadores non excluídos. Presentada a documentación en prazo por parte da empresa clasificada en primeiro lugar.

O Presidente de SPI Galicia, SA resolve:

Primeiro.- Adxudicar o Contrato a empresa **INGENIERIA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.** por un importe de **Sesenta e dous mil cincocentos trece euros e oitenta e catro céntimos (62.513,84 €)** IVE non incluído, cunha baixa do **23,60%**, e un prazo de execución de **48 meses** por ser a que mellor puntuación obtivo no baremo

Segundo.- Que pola empresa adxudicataria se proceda á firma do contrato na contía, forma e prazos que determina o Prego de Bases.

Terceiro.- Contra a presente resolución poderá interpoñerse o recurso en materia de contratación de acordo co estipulado na LCSP segundo se recolle no apartado 2.1. do Prego.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O Presidente do Consello de Administración de SPI-Galicia, S.A.
Francisco Menéndez Iglesias